

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026753	IES A Pontepedriña	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo técnico I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A presente programación corresponde á materia de Debuxo Técnico I de 1º curso de bacharelato para o curso 2023-2024.

Grupos de alumnado que cursan a materia: dous grupos, grupo 1 con 16 alumnos e grupo 2 con 5 alumnos.

Profesor que imparte a materia: José Antonio Alonso Pallas.

Xefa do departamento de Debuxo: Laura Janeiro López.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar elementos ou conxuntos arquitectónicos e de enxeñaría, empregando recursos asociados á percepción, ao estudo, á construción e á investigación de formas, para analizar as estruturas xeométricas e os elementos técnicos utilizados.	1-2		4	1	40	1		1-2
OBX2 - Utilizar razoamentos indutivos, dedutivos e lóxicos en problemas de índole gráfico-matemática, aplicando fundamentos da xeometría plana para resolver graficamente operacións matemáticas, relacións, construcións e transformacións.	2		1-2-4		11-50		2	
OBX3 - Desenvolver a visión espacial, utilizando a xeometría descritiva en proxectos sinxelos, considerando a importancia do debuxo na arquitectura e nas enxeñarías, para resolver problemas e interpretar e recrear graficamente a realidade tridimensional sobre a superficie do plano.			1-2-4		11-50		2-3	
OBX4 - Formalizar e definir deseños técnicos aplicando as normas UNE e ISO de maneira apropiada e valorando a importancia que ten o esbozo para documentar graficamente proxectos arquitectónicos e de enxeñaría.	2		1-4	2	11-32-50		3	
OBX5 - Investigar, experimentar e representar dixitalmente elementos, planos e esquemas técnicos mediante o uso de programas específicos CAD de xeito individual ou grupal, apreciando o seu uso nas profesións actuais, para virtualizar obxectos e espazos en dúas dimensións e tres dimensións.			2-3-4	1-2-3			3	41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	APLICACIÓNS DO DEBUXO TÉCNICO. EVOLUCIÓN NA HISTORIA	<ul style="list-style-type: none"> - O debuxo no ámbito da arquitectura - O debuxo no ámbito da enxeñería - O debuxo no ámbito do deseño - Evolución histórica do debuxo técnico 	3	5	X	X	X
2	TRAZADOS XEOMÉTRICOS BÁSICOS	<ul style="list-style-type: none"> - Representación de puntos, rectas e ángulos - Trazados con escadra, cartabón e compás - Operacións con segmentos e ángulos - Lugares xeométricos: circunferencia, mediatriz e bisectriz - Proporcionalidade. Proporción áurea - Rectificación da circunferencia 	9	12	X		
3	TRIÁNGULOS. CUADRILÁTEROS. POLÍGONOS REGULARES	<ul style="list-style-type: none"> - Clasificación e trazado de triángulos - Clasificación e trazado de paralelogramos - Clasificación e trazado de trapezios - Clasificación e trazado de trapezoides - Clasificación e trazado de polígonos regulares - Trazado do rectángulo áureo 	10	12	X		
4	TRANSFORMACIÓNS XEOMÉTRICAS	<ul style="list-style-type: none"> - Traslación, simetría axial, simetría central e xiro - Homotecia. Figuras semellantes - Equivalencia. Figuras de igual área 	4	5	X		
5	TANXENCIAS E ENLACES	<ul style="list-style-type: none"> - Conceptos básicos nas tanxencias - Circunferencias tanxentes a rectas - Rectas tanxentes a circunferencias - Circunferencias tanxentes a outras circunferencias - Resolución de tanxencias mediante dilatación - Resolución de enlaces e trazados de figuras xeométricas 	10	12		X	
6	CURVAS TÉCNICAS	<ul style="list-style-type: none"> - Trazados do óvalo - Trazados do ovoide - Trazados de espirais e volutas - Aplicacións das curvas técnicas 	4	5		X	
7	SISTEMA DIÉDRICO	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción aos sistemas de representación - Elementos e propiedades do sistema diédrico - Representación diédrica do punto - Representación diédrica da recta. Tipos de rectas - Representación diédrica do plano. Tipos de planos - Determinación das trazas dunha recta. Posición relativa dunha recta cos diedros do sistema 	12	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	SISTEMA DIÉDRICO	<ul style="list-style-type: none"> - Resolución de intersección entre planos e de rectas con planos - Paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos - Verdadeiras magnitudes en sistema diédrico - Vistas diédricas dunha peza 	12	14		X	
8	SISTEMA DE PLANOS ACOTADOS	<ul style="list-style-type: none"> - Elementos e propiedades do sistema de planos acotados - Representación do punto - Representación da recta e graduación da mesma - Representación do plano. Recta de máxima pendente - Intersección de planos - Resolución de cubertas simples 	3	5		X	
9	PERSPECTIVA CÓNICA	<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e elementos do sistema cónico - Concepto de punto de fuga e punto medidor - Trazado de perspectivas cónicas frontais - Trazado de perspectivas cónicas oblícuas 	10	10			X
10	PERSPECTIVA AXONOMÉTRICA	<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e elementos do sistema axonométrico - Tipos de perspectiva axonométrica - Representación do punto, da liña e do plano - Trazado de perspectivas isométricas - Trazado de perspectivas cabaleiras 	20	25	X	X	X
11	NORMALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Normativas de estandarización. Normas UNE, DIN e ISO - Formatos de papel. Liñas normalizadas - Escalas gráficas - Normas de acotación - Situación relativa das vistas diédricas dun corpo - Trazados das vistas diédricas dun corpo e acotación 	5	5	X	X	X
12	DEBUXO ASISTIDO POR ORDENADOR EN 2D E 3D	<ul style="list-style-type: none"> - Programas de software libre de debuxo en 2D. Librecad - Programas de software comercial de debuxo en 2D. Autocad - Programas de software libre de debuxo en 3D. FreeCad - Programas de software comercial de debuxo en 3D. Sketchup e Autocad 	10	30	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	APLICACIÓNS DO DEBUXO TÉCNICO. EVOLUCIÓN NA HISTORIA	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, empregando adecuadamente o vocabulario específico técnico e artístico.	Responder verbalmente de modo coherente e racional ás preguntas realizadas polo profesor, utilizando termos propios da materia.	TI	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Comentar verbalmente o proceso seguido na realización dun exercicio con claridade e utilizando termos específicos da materia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc. - Orixe da xeometría. Tales, Pitágoras, Euclides, Hipatia de Alexandría. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
2	TRAZADOS XEOMÉTRICOS BÁSICOS	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Realizar os exercicios da proba axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os trazados de tipo xeométrico necesarios para a resolución de cada exercicio. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os exercicios de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Concepto de lugar xeométrico. Arco capaz. Aplicacións dos lugares xeométricos ás construcións fundamentais da xeometría plana. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
3	TRIÁNGULOS. CUADRILÁTEROS. POLÍGONOS REGULARES	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.	Realizar os exercicios da proba axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os trazados de tipo xeométrico necesarios para a resolución de cada exercicio. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio.	PE	90
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os exercicios de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares. Propiedades e métodos de construción específicos e xerais. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
4	TRANSFORMACIÓNS XEOMÉTRICAS	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Realizar os exercicios da proba axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os trazados de tipo xeométrico necesarios para a resolución de cada exercicio. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio.	PE	90
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os exercicios de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Proporcionalidade, equivalencia e semellanza.
- Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
5	TANXENCIAS E ENLACES	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.	Realizar os exercicios da proba axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os trazados de tipo xeométrico necesarios para a resolución de cada exercicio. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio.	PE	90
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os exercicios de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tanxencias básicas. Curvas técnicas.

Contidos

- Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
6	CURVAS TÉCNICAS	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.	Realizar os exercicios da proba axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os trazados de tipo xeométrico necesarios para a resolución de cada exercicio. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio.	PE	90
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os exercicios de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Tanxencias básicas. Curvas técnicas.

- Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
7	SISTEMA DIÉDRICO	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia	Realizar os exercicios da proba axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os trazados de tipo xeométrico necesarios para a resolución de cada exercicio. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fundamentos da xeometría proxectiva.
- Sistema diédrico: representación de punto, recta e plano. Trazas con planos de proxección. Determinación do plano. Pertenzas.
- Relacións entre elementos: interseccións, paralelismo e perpendicularidade. Obtención de distancias: punto a punto, punto a recta, recta a plano, plano a plano, dúas rectas paralelas e mínima distancia entre dúas rectas que se cruzan.

UD	Título da UD	Duración
8	SISTEMA DE PLANOS ACOTADOS	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.	Realizar os exercicios da proba axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os trazados de tipo xeométrico necesarios para a resolución de cada exercicio. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio.	PE	95
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os exercicios de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Sistema de planos acotados. Fundamentos e elementos básicos: punto, recta e plano. Identificación de elementos para a súa interpretación en planos.

UD	Título da UD	Duración
9	PERSPECTIVA CÓNICA	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.	Realizar a perspectiva axustándose ás vistas diédricas dadas. Visualizar espacialmente a solución e debuxar polo menos 2/3 da peza ou volume que se corresponde coas vistas. Debuxa con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio.	PE	95
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar as perspectivas de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Debuxar con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalas dentro do prazo establecido.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema cónico: fundamentos e elementos do sistema. Perspectiva frontal e oblicua.

UD	Título da UD	Duración
10	PERSPECTIVA AXONOMÉTRICA	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.	Realizar a perspectiva axustándose ás vistas diédricas dadas. Visualizar espacialmente a solución e debuxar polo menos 2/3 da peza ou volume que se corresponde coas vistas. Debuxa con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Perspectivas isométrica e cabaleira. Disposición dos eixes e uso dos coeficientes de redución. Elementos básicos: punto, recta e plano.

UD	Título da UD	Duración
11	NORMALIZACIÓN	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.	Realizar os exercicios da proba axustándose ao que se indica no enunciado. Aplicar os trazados de tipo xeométrico necesarios para a resolución de cada exercicio. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio.	PE	90
CA3.1 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Realizar os exercicios de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.	TI	10
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os exercicios de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquejo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	Realizar os exercicios de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso. - Formatos. Dobradura de planos. - Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO e DIN. Aplicacións da normalización: simboloxía industrial e arquitectónica. - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación.

UD	Título da UD	Duración
12	DEBUXO ASISTIDO POR ORDENADOR EN 2D E 3D	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.	Realizar os exercicios de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.	TI	100
CA4.2 - Recrear virtualmente pezas en tres dimensións aplicando operacións alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo.	Realizar os exercicios de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		
CA4.3 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e na indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo nos que interveñen sistemas CAD.	Realizar os exercicios de clase seguindo os procedementos indicados polo profesor. Executalos con precisión, limpeza e grao de calidade intermedio. Entregalos dentro do prazo establecido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicacións vectoriais 2D-3D. - Fundamentos de deseño de pezas en tres dimensións. - Modelaxe de caixa. Operacións básicas con primitivas. - Aplicacións de traballo en grupo para conformar pezas complexas a partir doutras máis sinxelas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os contidos da materia serán relacionados coas experiencias previas do alumno, con referencias ao seu ámbito máis próximo. Procurarase que as distintas actividades de clase motiven ao alumnado no seu proceso da aprendizaxe.

No caso dos exercicios prácticos, as explicacións faranse paso a paso, razoando sempre dun modo lóxico e claro. Nalgúns casos pódese utilizar imaxes ou exercicios xa resoltos para facilitar a comprensión da actividade que hai que realizar.

As explicacións e instrucións faranse de modo verbal e ao mesmo tempo gráfico debuxando na pizarra, proxectando imaxes en pantalla ou utilizando determinadas aplicacións informáticas. Dentro das posibilidades que permita o grupo, axudarase de modo individual ao alumnado que presenten necesidades particulares.

A organización do ensino e das aprendizaxes da materia, será sistemática, pautada e precisa. Realizaranse actividades de duración variable e consecuentes cos obxectivos da materia. Intentarase crear un ambiente axeitado de traballo na aula que permita unha mellor comprensión dos contidos, das actividades a realizar e un maior rendemento por parte do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos e materiais de tipo ordinario

A materia de Debuxo Técnico I impartese na aula de debuxo do centro. Descríbense a continuación as principais características de dita aula específica:

- Mesas grandes de debuxo con taburetes.
- Pizarra, pantalla, canón de proxección e un ordenador portátil no posto do profesor.
- Conexión a internet
- Curso na aula virtual do centro.
- Libros de texto e consulta relacionados coa materia.
- Mobiliario e armario de almacenamento.

Non se utiliza ningún libro de texto específico. O alumnado asistirá a clase provisto do seguinte material:

- Follas normalizadas A4 brancas apropiadas para o debuxo.
- Instrumentos de debuxo: xogo de escuadro e cartabón, regra graduada e compás.
- Portaminas ou lápices de durezas H ou 2H.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase a avaliación inicial do alumnado, para elo teranse en conta a puntuación das seguintes actividades ou probas:

- O trazado da primeira perspectiva isométrica do curso partindo das tres vistas diédricas dunha peza.
- Unha proba con exercicios básicos de xeometría plana.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	3	9	10	4	10	4	12	3	10	20
Proba escrita	0	90	90	90	90	90	100	95	95	100
Táboa de indicadores	100	10	10	10	10	10	0	5	5	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	100
Proba escrita	90	0	82

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	100
Táboa de indicadores	10	100	18

Criterios de cualificación:

Para avaliar a materia realizaranse ao longo do curso varias probas, exercicios de perspectiva e vistas, e prácticas de debuxo con programas informáticos .

En cada avaliación o alumnado realizará dúas probas, un exercicio de perspectiva e vistas, e prácticas de debuxo con programas informáticos, obtendo as puntuacións que se indican nos apartados 1, 2 e 3.

Apartado 1: Media aritmética das puntuacións das dúas probas, cun máximo de 10 puntos.

Apartado 2: Puntuación do exercicio de perspectiva e vistas, cun máximo de 10 puntos.

Apartado 3: Puntuación das prácticas de debuxo con programas informáticos, cun máximo de 10 puntos.

A puntuación de cada avaliación obtense coa seguinte media ponderada: o 70% da puntuación do apartado 1, o 20% da puntuación do apartado 2 e o 10% da puntuación do apartado 3.

A puntuación final de curso obtense coa media aritmética das puntuacións correspondentes ás tres avaliacións. A aproximación ao número enteiro de dita puntuación farase mediante o truncamento da parte decimal.

Para obter unha cualificación positiva na avaliación final do curso teranse que cumprir ao mesmo tempo o indicado nas condicións 1 e 2 .

Condición 1: Obter unha puntuación final de curso de 5 puntos.

Condición 2: Ter superadas dúas avaliacións do curso.

A puntuación das prácticas do apartado 3 farase mediante observación directa do profesor, tendo en conta o proceso seguido polo alumno ou alumna e a súa destreza na utilización do programa informático correspondente.

Criterios de recuperación:

No caso de que non se cumpran as dúas condicións especificadas nos criterios de avaliación para aprobar a materia a finais de curso, o alumnado poderá realizar unha única proba de recuperación que será puntuada de 0 a 10 puntos.

Será necesario obter 5 puntos na proba de recuperación para obter unha cualificación positiva na materia. A aproximación ao número enteiro na puntuación farase mediante o truncamento da parte decimal.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña pendente a materia de Debuxo Técnico I terá un seguimento por parte do profesorado do departamento. Para recuperar materia realizará as seguintes tarefas:

- Caderno de exercicios para realizar ao longo do curso. Faranse tres entregas parciais. Puntúase cun máximo de 10 puntos e ponderará o 15% da puntuación final.

- Unha proba teórico práctica. Puntúase cun máximo de 10 puntos e ponderará o 85% da puntuación final.

Para obter unha avaliación positiva e polo tanto recuperar a materia, a puntuación final referida no párrafo anterior será de 5 puntos como mínimo. A aproximación ao número enteiro de dita puntuación farase mediante o truncamento da parte decimal.

Ao comezo do curso informarase ao alumnado que se encontre nesta situación sobre o proceso de recuperación da

materia. Fixarase unha data de entrega en cada avaliación para o caderno de exercicios. A proba teórica práctica realizarase na data fixada pola dirección do centro no último trimestre do curso. Fixaranse titorías específicas en determinados recreos para que o profesor axude a dito alumnado no proceso de recuperación.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que se matricule na materia de Debuxo Técnico II sen haber cursado a materia de Debuxo Técnico I poderá acreditar os coñecementos correspondentes a esta última materia.

Quedarán acreditados ditos coñecementos mediante o cumprimento dos requisitos establecidos nos seguintes parágrafos, indicados coas letras a, b e c.

a- Realizar un mínimo de tres perspectivas isométricas de dificultade media escollidas polo profesor e obter unha cualificación de apto en cada unha delas.

b- Superar unha proba con exercicios básicos relacionados con polígonos, tanxencias e curvas técnicas. Será necesario acadar 5 puntos sobre 10.

c- Aprobar a materia de Debuxo Técnico II na primeira avaliación.

No caso de que non se curse a materia de Debuxo Técnico II ou non se cumpra cos tres requisitos anteriores, seguirán o procedemento establecido nesta programación para a recuperación de Debuxo Técnico I como materia pendente de cursos anteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

O profesor tomará as medidas axeitadas en relación á atención á diversidade que poidan necesitar os alumnos, partindo sempre do deseño e a organización que formule o centro. Prestarase especial atención aos seguintes aspectos relacionados coa materia:

- Explicacións e instrucións transmitidas dun modo máis persoal e directo para facilitar a comprensión de contidos e actividades.
- Mellorar manexo dos instrumentos cos que traballa o alumno ou alumna: regra graduada, escuadras, compás, lápices e equipo informático.
- Proporcionar ao alumno exercicios de reforzo ou estratexias que lle axuden a superar as dificultades que presenta na materia.

No caso de que un alumno presente algún tipo de minusvalía adaptaranse os contidos e actividades da materia á súa situación seguindo as directrices que se indiquen polo Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Valores de igualdade, convivencia e respecto	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Importancia da linguaxe gráfica como instrumento de comunicación	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Utilización da lóxica e da racionalidade na resolución de problemas	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Valores de igualdade, convivencia e respecto	X	X	X	X
ET.2 - Importancia da linguaxe gráfica como instrumento de comunicación	X	X	X	X
ET.3 - Utilización da lóxica e da racionalidade na resolución de problemas	X	X	X	X

Observacións:

Ditos valores transversais teránse en conta no desenvolvemento e dinámica das clases, coa intención de normalizalos e trasladalos ao conxunto do alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita anual exposición didáctica	Saída do centro para visitar unha exposición didáctica relacionada cos contidos da etapa			X

Observacións:

Os grupos de alumnado que cursen a materia poderán visitar unha exposición que teña relación cos contidos ou temas transversais da etapa.

O departamento escollerá a exposición que se considere máis idónea tendo en conta a oferta dos distintos museos, fundacións, institucións ou asociacións do ámbito galego.

Dependendo do horario e do tempo dispoñible, poderanse realizar itinerarios camiñando, ou en transporte público, co obxectivo de poñer en valor o patrimonio artístico e cultural das vilas ou cidades visitadas.

A saída realizarase preferentemente no terceiro trimestre do curso e terá lugar nun único día e dentro do horario lectivo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
INDICADOR DE LOGRO A
INDICADOR DE LOGRO D
Metodoloxía empregada
INDICADOR DE LOGRO B
INDICADOR DE LOGRO C

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
INDICADOR DE LOGRO E
Medidas de atención á diversidade
INDICADOR DE LOGRO F
Clima de traballo na aula
INDICADOR DE LOGRO G
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
INDICADOR DE LOGRO H

Descrición:

INDICADOR DE LOGRO A

Especifica en cada unha das tres avaliacións se foron impartidas as distintas unidades da materia segundo o establecido na programación.

INDICADOR DE LOGRO B

Cuantifica en porcentaxe o número de alumnado que acada os mínimos de consecución nas actividades prácticas desenvolvidas en cada avaliación. Non se inclúen os resultados de probas de control individual.

INDICADOR DE LOGRO C

Cuantifica en porcentaxe para cada unha das tres avaliacións do curso o número de alumnado que acada un resultado positivo.

INDICADOR DE LOGRO D

Cuantifica en porcentaxe o número de alumnado que supera a materia na avaliación final do curso.

INDICADOR DE LOGRO E

Especifica se ao longo de cada avaliación os recursos e materiais cos que se conta na aula foron os suficientes para o desenvolvemento das distintas actividades docentes.

INDICADOR DE LOGRO F

Especifica se ao longo de cada avaliación se levou a cabo a atención á diversidade ao alumnado que require unha necesidade específica.

INDICADOR DE LOGRO G

Especifica se ao longo de cada avaliación o clima de traballo na aula foi o adecuado para impartir clase con normalidade de maneira que non afectase negativamente ao resultados individuais do alumnado.

INDICADOR DE LOGRO H

Especifica se ao longo de cada avaliación a colaboración co resto do equipo docente e coas familias foi suficiente para o normal desenvolvemento da actividade docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente relacionada coa materia realizarase nas primeiras reunións de departamento que coincidan despois do remate das distintas avaliacións do curso.

En función dos resultados acadados nos indicadores de logro ao longo do curso establécense as seguintes medidas que teñen como finalidade a mellora do proceso de ensinanza da materia.

Medidas correspondentes ao indicadores de logro A

Se o indicador é negativo, o profesor da materia realizará os cambios oportunos no desenvolvemento das clases da seguinte avaliación, ou das últimas semanas do curso, para incorporar os contidos ou temas transversais que non foron impartidos segundo o establecido na programación.

Medidas correspondentes aos indicadores de logro B e C

Se o indicador é inferior ao 50%, realizarase por parte do departamento unha revisión da programación para proceder a súa modificación ou mellora. Estableceranse novas pautas metodolóxicas dirixidas a mellora dos resultados.

Se o indicador está comprendido entre o 50 e o 80%, o profesor da materia realizara os cambios que considere necesarios no funcionamento e desenvolvemento das clases coa finalidade de mellorar os resultados.

Se o indicador é superior ao 80%, non se considera necesario aplicar medidas de carácter xeral, chegando con facer un seguimento máis individualizado ao alumnado que o necesite.

Medidas correspondentes a indicador de logro D

O porcentaxe correspondente a este indicador terase en conta na elaboración da programación do seguinte curso a efectos de mellorar a práctica docente e os resultados académicos do alumnado.

Se o indicador é inferior ao 50%, ao comezo do seguinte curso o profesorado do departamento identificará as posibles causas dos malos resultados e establecerá unhas pautas para a elaboración da programación que permita atender mellor as necesidades educativas do alumnado.

Medidas correspondentes ao indicadores de logro E

Se o indicador é negativo, o profesorado do departamento acordará que carencias se poden suplir cos medios do propio departamento.

Comunicarase á dirección do centro cales son os demais recursos e materiais que se necesitan para o normal desenvolvemento da labor docente.

Medidas correspondentes ao indicadores de logro F, G e H

Se algún dos indicadores é negativo, o profesor da materia promoverá novas dinámicas para mellorar a atención á diversidade na aula, o clima de traballo ou a relación co resto do equipo docente e familias.

9. Outros apartados